

1. Le o seguinte texto e responde:

O lince ibérico está en perigo de extinción. Os expertos constatan que a poboación destes fermosos mamíferos está decrecendo precipitadamente nos últimos anos. Segundo os datos da “Asociación para a protección da fauna ibérica”, a razón maioritaria é o deteriorio do seu hábitat e microclima. Pero un grupo de biólogos andaluces tamén determinou os atropelos como outro dos motivos. Así mesmo, a caza furtiva e a peste que desenvolven os coellos, fonte principal de alimento, están ocasionando perdas nefastas.

- a)** Que tipo de texto é? Rodea a túa resposta e une con unha frecha a xustificación correspondente.

Expositivo. Porque ordena ou aconsella facer cousas de forma ordenada.

Argumentativo. Porque explica un tema de forma ordenada.

Instructivo. Porque expón ideas a través de argumentos.

- b)** Cita catro factores que ocasionan a extinción do lince ibérico.

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.

c) Busca no texto dúas palabras derivadas, escríbeas e rodea o prefixo en azul e o sufixo en laranxa.

.....

d) Que poderías facer para que o lince ibérico non se extinga?

.....

.....

.....

2. Pon til onde se precise.

a) O lince rompeu un oso do pe.

b) Estes animais escóndense debaixo das polas da árbore.

c) E mellor que protexamos os espazos naturais e aos animais que viven neles.

d) Na escuridade non ven ben, pero son moi bos cazadores.

e) Moitos destes exemplares quedan atrapados nos nos dos furtivos.

f) Nos deberíamos coidar a fauna e flora que nos rodea.

• Para que serve o acento diacrítico? (rodea)

a) Para distinguir palabras que polas normas de acentuación non deberían levar til.

b) Para cumprir coas normas xerais de acentuación.

3. Analiza os seguintes nomes, tendo en conta a clase, xénero e número:

biólogos → clase:.....

xénero:.....número:.....

lince → clase:.....

xénero:.....número:.....

amizade → clase:.....

xénero:.....número:.....

paxaros → clase:.....

xénero:.....número:.....

equipo → clase:.....

xénero:.....número:.....

raíña → clase:.....

xénero:.....número:.....

Sada → clase:.....

xénero:.....número:.....

lúa → clase:.....

xénero:.....número:.....

4. **Sinala o suxeito e predicado** nas seguintes oracións. **Rodea o núcleo** do suxeito e do predicado.

Son uns fermosos mamíferos os linces ibéricos.

Os biólogos de Doñana buscan unha solución.

• **COMPLETA:**

O núcleo do predicado é un:

- a) adxectivo
- b) verbo

núcleo do suxeito é un:

- a) nome ou pronome
- b) adxectivo

5. **Clasifica as seguintes palabras na táboa:**

noite

medio

día

acuicultor

Ditongo (aberta+pechada)	Ditongo (pechada+aberta)	Ditongo (pechada+pechada)	Hiato

